

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000033.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **27 de xullo de 2022**, ás **10:00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA INTALACIÓN DE CHIMENEA NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA HUMANISTA ROF CARBALLO, NÚMERO 2 (EXPTE: 2021/Y001/000216).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR DENTRO DA ÁREA DE EXPANSIÓN DO NÚCLEO RURAL NÚMERO 18.3 GALEGOS DE ABAIXO-XUIZ NORTE, PARROQUIA DE CASTELO-SANTIAGO DE AFORA (EXPTE: 2020/Y001/000168).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E INSTALACIÓN DE ASCENSOR POLO EXTERIOR, NA VIVENDA UNIFAMILIAR NO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE REGO DO ESPÍÑO, NÚMERO 18, PARROQUIA DE SANTIAGO DE PIUGOS (Expte:2021/Y001/000293).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA PARCELAMENTO DA PARCELA CATASTRAL SITA NA RÚA RÍO LANDRO (Expte: 2021/Y005/000010).

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA DENTRO DO TERMO MUNICIPAL DE LUGO. EXP REF: 2021-C003-000020. CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DO ACORDO NÚM. 11/393 DE 6 DE XULLO DE 2022 .
6. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERÍA PARA A ESCOLA INFANTIL "GREGORIO SANZ" DO CONCELLO DE LUGO.

ACTAS E GOBERNO

RBB/nmf

Refª: ispac2295755944571828943.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-7-2022

APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C003-000016.

7. ACEPTACIÓN DA CESIÓN GRATUÍTA POR PARTE DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO, DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, DA XUNTA DE GALICIA DUNS TERREOS DUNHA SUPERFICIE DE 1.727 M2, XUNTO AO EDIFICIO MULTIUSOS DA XUNTA EN LUGO.

8. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE SOFTWARE DO PROGRAMA "URBANISMO EN RED" EXP. REF. 2019/C003/000002. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 29/07/2022 DE 2022 ATA 28/07/2023.

9. CONTRATO MIXTO DE REDACCIÓN DO PROXECTO, EXECUCIÓN DE OBRA E DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A DEMOLICIÓN DO EDIFICIO E DA URBANIZACIÓN NO ÁMBITO DO URPI-58 (ANTIGA UA CS5) ASÍ COMO RESTITUCIÓN AO ESTADO ORIXINAL DOS TERREOS. APROBACIÓN DO PREGO TÉCNICO E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C002-000018.

FOMENTO

10. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO, O CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA -IRMANDADE XURÍDICA GALEGA- CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO 37º ANIVERSARIO DA PRIMEIRA SENTENZA DITADA EN LINGUA GALEGA EN MARZO DE 1985, ANO 2022.

11. ASUNTO: CONVENIO MARCO CON ENTIDADES FINANCEIRAS EN MATERIA DE MICROCRÉDITOS

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

12. AUTORIZACIÓN DO GASTO E APROBACIÓN DAS BASES REXEDORAS DO ENCARGO Á EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO (EVISLUSA) PARA A REDACCIÓN DO "PROXECTO DE EXECUCIÓN E ACTIVIDADE DO ALBERGUE FOGAR DO TRANSEÚNTE (LUGO) SEGUNDO O

ALCANCE DEFINIDO NO ART. 23-1.b DO DECRETO 254/2011, DE 23 DE DECEMBRO, POLO QUE SE REGULA O RÉXIME DE REXISTRO, AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA”.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

13. CAMBIO TITULARIDADE DO POSTO NÚM. 32 DA PRAZA DE ABASTOS.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, dona Lara Méndez López.